



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 206
7 de novembro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de novembro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

[61611](#)

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

■ Resolución da Presidencia, do 7 de novembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

[61611](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

■ 19704 (10/PNL-000006)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgúns dos concellos da Comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor

[61612](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

1.5.1.1.1. Regulamento de organización e funcionamento

■ Acordo da Mesa da Comisión de Peticións, do día 6 de novembro de 2017, polo que se nomea provisionalmente a Ponencia do Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (doc. núm. 12861; 10/PMRE-000001), e se ordena a publicación da emenda ao articulado presentada polo G. P. de En Marea

[61613](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento do 10 de outubro de 2017 relativo ao resumo da proposición non de lei doc. núm. 18310 (10/PNP-001356) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 191, fasc. 2, do día 11 de outubro de 2017

[61613](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de novembro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [(doc. núm. 19215, 10/PL-000008)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 19709, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación [(doc. núm. 19215, 10/PL-000008)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, acorda:

1º. Ampliar, por única vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [(doc. núm. 19215, 10/PL-000008)], ata o día 17 de novembro de 2017, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Resolución da Presidencia, do 7 de novembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia [(doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 19827, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 11 de novembro de 2017—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 19827, presentado polo G. P. de En Marea.

2º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia [(doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)], ata o día 21 de novembro de 2017 ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, traslado á Xunta Electoral e publicación do acordo

- 19704 (10/PNL-000006)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgúns dos concellos da Comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular.

2º. Declarar constituída a comisión promotora, na que figura a persoa que a representará para os efectos de comunicacións.

3º. Notificar este acordo á representación da comisión promotora, á Oficina do Censo Electoral e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá do Parlamento de Galicia.

4º. Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

1.5.1.1.1. Regulamento de organización e funcionamento

Acordo da Mesa da Comisión de Peticións, do día 6 de novembro de 2017, polo que se nomea provisionalmente a Ponencia do Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (doc. núm. 12861; 10/PMRE-000001), e se ordena a publicación da emenda ao articulado presentada polo G. P. de En Marea (doc. núm. 16743)

A Mesa da Comisión de Peticións, o día 6 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

1. Nomear provisionalmente a Ponencia do Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (doc. núm. 12861; 10/PMRE-000001) que queda integrada polas seguintes persoas:

G. P. Popular de Galicia:

D^a Paula Prado del Río (titular)

D. Alberto Pazos Couñago (suplente)

G. P. de En Marea:

D^a Magdalena Barahona Martín (titular)

D. Antón Sánchez García (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia:

D. Raúl Fernández Fernández (titular)

D^a Patricia Vilán Lorenzo (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Xosé Luis Rivas Cruz (titular)

2. Publicar este acordo, así como a emenda ao articulado presentada polo G. P. de En Marea (doc. núm. 16743) e cualificada pola Mesa da Comisión o 10 de outubro de 2017, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento do 10 de outubro de 2017 relativo ao resumo da proposición non de lei doc. núm. 18310 (10/PNP-001356) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 191, fasc. 2, do día 11 de outubro de 2017

Advertido un erro material no acordo da Mesa do Parlamento do 10 de outubro de 2017, relativo ao resumo da proposición non de lei doc. núm. 18310 (10/PNC-001356), publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 191, fasc. 2, do día 11 de outubro de 2017, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«- 18310 (10/PNP-001356)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consignación pola Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria suficiente para a execución do acordo parlamentario referido á atrofia muscular espiñal»

Debe dicir:

«- 18310 (10/PNP-001356)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consignación pola Xunta de Galicia dunha partida orzamentaria suficiente para o estudo e recuperación do antigo Hospital do Rebullón»

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar En Marea** a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** ao articulado ao Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento da Valedora do Pobo (doc. núm. 12861; 10/PMRE-000001)

Emenda nº 1 de Supresión

Débase suprimir no artigo 7, parágrafo k, o seguinte: “e decidir sobre a representación e defensa en xuízo”.

Emenda nº 2 Adición

Débase engadir no artigo 12.i.bis o seguinte: “...segundo a normativa europea, estatal e galega vixente na materia”.

Emenda nº 4 de Modificación

Débase substituír o artigo 23.2 c) polo seguinte:

23.2,c) O efectivo control e disposición da información pública e da súa inmediata actualización no portal de transparencia e a tramitación axeitada das solicitudes de información pública dirixidas á Valedora do Pobo así como a información á cidadanía en materia de transparencia”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 14:27:10

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727